



PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

1. Introducción.
2. Xustificación baseada no contexto.
3. Identificación e valoración das necesidades.
4. Determinación de Obxectivos.
5. Descrición das actuacións, medidas e/ou programas para a atención á diversidade.
6. Determinación dos criterios para a organización e distribución dos recursos e aplicación das medidas propostas.
7. Concreción das actuacións dos distintos profesionais en relación coas medias deseñadas para o centro.
8. Mecanismos de coordinación e colaboración internos, así como con outras etapas educativas e cos centros adscritos.
9. Canles de colaboración cos pais, nais ou titores legais do alumnado e cos diferentes servizos externos ao centro.
10. Protocolos para a solicitude e/ou autorización das medidas extraordinarias.
11. Procesos de seguimento, avaliación e mellora do Plan.

1.- Introducción.

Enténdese a atención á diversidade como o conxunto de accións educativas, estratexias e programas cos que intentamos prever e/ ou dar resposta ás necesidades educativas, sexan temporais ou permanentes, do alumnado; xa sexa por motivos derivados de factores persoais, sociais relacionados polas desvantaxes socioculturais ou de saúde, altas capacidades, discapacidades, déficit ou trastornos de distinta orixe.

2.- Xustificación baseada no contexto.

Este apartado desenvólvese con maior profundidade no P.E.C., así que neste documento concretarase o que se refire ao alumnado deste centro.

Neste I.E.S. escolarízase alumnado procedente do C.E.I.P. José María Lage, desta localidade, e do C.E.I.P. Francisco López Estrada, de O Barqueiro, Concello de Mañón. Nalgúns casos tamén recibimos alumnado procedente do estranxeiro ou doutras comunidades do estado.

Asemade recíbese alumnado do centro de acollida Escola Fogar M^a Inmaculada, de O Barqueiro, receptor de alumnado enviado pola Fiscalía de Menores. Na maioría dos casos é alumnado menor sometido a medidas de protección e tutela, aínda que algún tamén sometido a responsabilidade penal.

Cara á toma de medidas de atención á diversidade a procedencia do alumnado tan só é significativa neste último caso, xa que a maioría do alumnado require dalgún tipo de medida de atención nalgún momento da súa escolarización.

No resto dos casos a súa influencia non é significativa. O alumnado deste IES recibe a atención que en cada momento se determina, dentro do marco legislativo, polo profesorado encargado da atención educativa do mesmo.

3.- Identificación e valoración das necesidades.

3.1.- Identificación das necesidades educativas.-

No inicio de curso as persoas titoras reuniranse, de ser o caso e de ser posible, durante o mes de setembro, coa persoa que exerceu esa función no grupo ou grupos de procedencia do seu alumnado no curso anterior, para coñecer as súas características grupais e individuais. Esta persoa poderá dispoñer da información do alumnado arquivada na Secretaría do centro.

Ademais, o Departamento de Orientación achegará a información necesaria sobre o alumnado que conte con informe psicopedagóxico, ou acerca doutro alumnado do que se dispoña de información relevante para a súa atención. Ao comezo do curso, as actividades lectivas enfocaranse á realización dunha avaliación inicial segundo o disposto pola normativa vixente.

Os beneficios desta avaliación inicial concrétanse nos seguintes ámbitos:

- Manifestación das necesidades educativas do grupo e de cada escolar.
- Establecemento das prioridades de traballo.
- Introdución de adaptacións na programación da área, unha vez coñecida a realidade do alumnado.
- Adopción doutro tipo de medidas que afectan á organización para unha mellor atención á diversidade.

Son responsabeis desta avaliación inicial as persoas encargadas das titorías e o profesorado especialista das distintas áreas curriculares.

Ao longo do curso contarase tamén coas distintas sesións de avaliación para introducir modificacións.

Cando un alumno comece a manifestar dificultades na súa aprendizaxe, que non foran detectadas con anterioridade, tomaranse as medidas ordinarias de atención individual: observando as condutas do alumno na aula e rexistrándoas, recollendo e intercambiando información co resto do profesorado que poden aplicar probas ordinarias para coñecer o seu nivel de competencia curricular e introducindo o apoio e/ou reforzo educativo necesarios para atender as mesmas.

Se aínda con estas medidas as dificultades persisten e son significativas poderá pedirse a intervención do Departamento de Orientación.

No caso particular do Bacharelato, por norma xeral, as necesidades educativas xa foron detectadas e as medidas correctoras aplicadas. Desde a dirección do centro facilitarase ao profesorado toda a información previa necesaria, recollida no expediente do alumno, para os casos de alumnado que chega por primeira vez ao centro.

3.2.- Valoración e Procedemento xeral para efectuar unha avaliación psicopedagóxica.

Seguiremos básicamente os pasos que de seguido se detallan:

- O profesorado realizará unha demanda de intervención por escrito que se concretará no modelo a tal efecto.
- A persoa titora informará aos responsabeis do alumnado sobre a necesidade de avaliación do seu fillo/a. Previamente a calquera actuación, estes responsabeis asinarán a súa conformidade ou desconformidade coa solicitude de avaliación.
- Reunida a persoa orientadora co equipo docente, esta informará acerca das necesidades educativas, do estilo de aprendizaxe, ademais doutros aspectos relevantes para a atención do escolar.
- A continuación, realizarase a avaliación psicopedagóxica.

A partires da información recollida, o Departamento de Orientación revisará as medidas que se estaban a levar a cabo e asesorará no deseño das posibles medidas de reforzo encamiñadas a solucionar as dificultades no proceso de ensino-aprendizaxe.

Nun principio, e de ser posible, tentarase dar resposta ás necesidades do alumno dentro das medidas ordinarias.

O resultado deste proceso será o informe psicopedagóxico, no que, entre outras, recolleranse as medidas de atención para dito alumno, e estableceranse as necesidades específicas de apoio educativo e os recursos e medidas de carácter extraordinario.

Estas decisións poden ser relativas: á proposta curricular, a modificacións no contexto educativo, á provisión de axudas persoais, materiais e á modalidade do apoio e, á colaboración coa familia.

Este informe técnico darase a coñecer á persoa titora para, posteriormente gardarse no arquivo do departamento, co fin de garantir a súa confidencialidade.

O titor procurará que as conclusións principais de dito informe sexan coñecidas por todos os docentes que traballan co alumno.

Terá lugar sempre unha entrevista coas persoas responsabeis do alumno para comentar as conclusións extraídas do proceso avaliador e facilitar orientacións ao respecto para o ámbito familiar.

De xeito periódico terá lugar un rexistro dos avances e a revisión das medidas adoptadas para introducir os axustes necesarios. (Seguimento).

Nalgúns casos o Departamento de Orientación pode considerar necesario a derivación a outros servizos, co obxectivo de clarificar ou delimitar o diagnóstico.

O alumnado destinatario de medidas de atención, unha vez valorado, pode agruparse do seguinte xeito:

A.- NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS.

Alumnado con:

- 1 – Discapacidade física, psíquica ou sensorial (Déficit atención).
- 2 – Trastornos de personalidade (Déficit de atención con hiperactividade, TDAH).

A atención realizarase nas sesións e forma que se determine nas Xuntas de Avaliación, en función das necesidades do alumnado e da dispoñibilidade do profesorado de materia, ou especialista en Pedagogía Terapéutica, no grupo, ou fóra da aula ordinaria.

B.- SOBREDOTACIÓN.

Alumnado con Altas Capacidades.

- A.C.I. De enriquecemento curricular – Atendido polo profesorado da materia.
- Valorarase a flexibilidade da escolaridade.

C.- COMPENSACIÓN EDUCATIVA.

- 1- Alumnado inmigrante con necesidades derivadas do descoñecemento do idioma, ou a alumnado de incorporación tardía ao sistema educativo.

A finalidade será a de axudalos a adquirir as competencias e coñecementos necesarios para seguir o ritmo das aprendizaxes do resto do grupo.

- 2- Alumnado en situación de desvantaxe socioeducativa con retrasos severos da escolaridade e alumnado en situación de abandono familiar ou marxinación social con desfase curricular significativa.

A finalidade será a de integrálo na aula de referencia, atendido nas sesións que se acorden, en función das necesidades e dispoñibilidade do profesorado. Poderá ser atendido dentro ou fóra da aula.

D.- DIFICULTADES DE APRENDIZAXE.

Alumnado con dificultades específicas nalgúnha área fundamental, que interfira no proceso de aprendizaxe.

Integrado na aula de referencia, atendido nas sesións que se determine en función das necesidades e dispoñibilidade do profesorado. Preferentemente por profesorado do ciclo, da materia, como medida de reforzo educativo.

Pode atenderse dentro ou fóra da aula.

E.- ALUMNADO CON PROBLEMAS EMOTIVO–RELACIONALES, E/OU DE CONDUCTA.

Alumnado con problemas de comportamento, ou condutas disruptivas na aula, que non foran valorados como trastorno grave da personalidade.

Integrado na aula de referencia, atendido nas sesións que se determine en función das necesidades e dispoñibilidade do profesorado. Preferentemente por profesorado do ciclo, ou da materia, como medida de reforzo educativo.

Pode atenderse dentro ou fóra da aula.

F.- ALUMNADO CON PROBLEMAS DE LINGUAXE.

Alumnado valorado por profesorado especialista en A.L. do EOE, ou polo Departamento de Orientación, que presente problemas de linguaxe que afecten significativamente ao seu desenvolvemento ou á súa capacidade de comunicación.

Será atendido fóra da aula ordinaria, en función da dispoñibilidade do profesorado.

4.- Determinación de Obxectivos.

Sendo o principal obxectivo da atención á diversidade, que non o único, a adopción das medidas de axuda ao alumnado dentro do marco legislativo, e cos recursos do centro, será na P.X.A. onde se concreten curso a curso en función das necesidades.

Os obxectivos das actuacións educativas serán determinados polo profesorado que interveña na atención educativa do alumnado, tendo en conta os acordos das diferentes sesións de avaliación, e/ou reunións de seguimento formal ou informal.

Teranse en conta os obxectivos marcados nos proxectos curriculares das materias fixados nos departamentos educativos, ou nos documentos de adaptación curricular cando sexa o caso.

5.- Descrición das actuacións, medidas e/ou programas para a atención á diversidade.

Logo das sesións de avaliación, xa sexa a inicial, a ordinaria ou extraordinarias que se determinen, acordaranse as medidas a seguir na atención educativa do alumnado.

O Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia clasifica as medidas de atención á diversidade en dous grupos: as ordinarias, e as extraordinarias.

5.1.- ORDINARIAS.

Son as que adopta o centro para proporcionar atención individualizada e adaptada ás capacidades, intereses e ritmos de aprendizaxe, sen que supoñan alteracións significativas dos obxectivos, contidos e criterios da avaliación, para facilitar a consecución dos obxectivos e competencias establecidas na lei.

Entre elas están os desdobres, a modificación na metodoloxía, o reforzo educativo, dentro e/ou fóra da aula.

Estas medidas sempre estarán condicionadas polos recursos dispoñibles no centro, e polo tipo de necesidades educativas do alumnado.

Acordaranse polo profesorado nas xuntas de avaliación que correspondan

Seguirase o disposto na lexislación actual.

5.1.1.- Medidas ordinarias preventivas.-

- Plan de Acolida de alumnos/as de 1º ESO.
- Coordinación co equipo docente para realizar unha avaliación inicial ante a chegada dun alumno novo.
- Seguimento e avaliación dos alumnos/as que presentan certas dificultades, a través de probas de nivel e de capacidade, para coñecer o que o alumno é capaz de realizar de forma autónoma, se vai seguindo o ritmo da clase.
- Coordinación con outros servizos para a detección precoz de necesidades especiais.

5.1.2.- Medidas ordinarias organizativas.-

5.1.2.1.- Desdobramentos de grupos.-

Cos criterios marcados na Programación Xeral Anual.

Grupo Clase.

Grupo pequeno.

Atención individualizada.

5.1.2.2.- Apoio dentro da aula.-

Para o reforzo nalgunha materia e cando as necesidades e recursos o permitan.

Poderanse organizar grupos de reforzó e contemplar a posibilidade de organizar actividades de reforzo na elaboración dos horarios do profesorado e na distribución inicial dos agrupamentos. (apoios, desdobres,...).

Poderanse realizar grupos de reforzo pedagóxico realizado preferentemente polos profesores implicados no ciclo.

Nas sesións de avaliación concretaranse o alumnado que deberá recibir reforzo polos profesorado de ciclo.

O departamento de orientación colaborará realizando asesoramento sobre a resposta educativa a estes alumnado e, nos casos que se considere necesario, realizará a correspondente avaliación psicopedagóxica.

5.1.2.3.- Apoio fóra da aula.-

Cando as necesidades e recursos o permitan o reforzo educativo ao alumnado con dificultades de aprendizaxe, ou con dificultades emotivo–relacionais ou de conduta, poderá facerse fóra da aula. Procurarase reforzar materias dentro do horario das mesmas, a ser posible polo profesorado do ciclo implicado, ou polo profesorado asignado a tal fin.

O alumnado terá como referencia os obxectivos do seu nivel e ciclo.

5.1.2.4.- Adaptacións metodolóxicas.-

Coa finalidade de responder a diferencias individuais pódese:

- Adaptar a metodoloxía, as actividades ou a avaliación (Instrumentos, tipos de proba, nivel de esixencia e a temporalización).
- Utilizar estratexias metodolóxicas que favorezan a participación de todo o alumnado e a autonomía na aprendizaxe, entre outras: aprendizaxe cooperativo, tutoría entre iguais, desenvolvemento de estratexias de aprendizaxe.
- Combinar diferentes tipos de actividades: traballo individual, exposición, busca de información, traballo en grupo e outras.
- Programar varias actividades para tratar cada un dos contidos fundamentais, graduando a súa dificultade en función das posibles dificultades de aprendizaxe que podan presentarse e planificándoas de forma que permitan traballar un mesmo contido con niveles de esixencia diferentes.
- Propor actividades que poñan en xogo distintas estratexias de aprendizaxe. Traballo autónomo, actividades dirixidas,...
- Pódese prever que nun momento determinado coexistan na aula distintas formas de agrupamento, que aborden tamén tarefas diferentes, de xeito que cada alumno/a, en función das súas necesidades, o seu ritmo de aprendizaxe ou as súas preferencias, se integre nun ou noutro.
- Incluír a elaboración de materiais por parte do alumnado como contido das diferentes materias.

- Seleccionar e utilizar materiais curriculares diversos, adecuándoos ás características do alumnado e aproveitando a súa potencialidade motivación.
- Organizar actividades individuais e grupais: programas de habilidades sociais, de técnicas de estudio, de estimulación, de enriquecemento cognitivo, de axuste da personalidade, de resolución de conflitos ou outros para compensar carencias asociadas a necesidades educativas específicas de apoio educativo.
- Revisar o nivel de participación dos pais/nais así como a relación coa comunidade.
- Empregar a aula de atención educativa e convivencia que, como medida correctora, supón tamén unha estratexia metodolóxica para o traballo individualizado, cuxo funcionamento estará incluído no plan de convivencia do centro.
- Priorizar obxectivos e seleccionar os contidos mínimos propios do ciclo/curso
- Variar a temporalización dos mesmos.
- Incluír obxectivos relativos a aspectos que o alumno considere relevantes ou que, en todo caso, sexan relevantes no entorno ao que pertence o alumnado.
- Enriquecer o currículo das áreas con referencias e aportacións de diferentes culturas.
- Distinguir entre os contidos que se consideran fundamentais e os que teñen un carácter complementario. De xeito que os contidos básicos sexan os mínimos para todo o grupo e, polo tanto, neles se centrará o traballo con aquel alumnado que presente determinadas dificultades de aprendizaxe, mentres os de carácter complementario irán destinados a aquel alumnado sen dificultades para o aprendizaxe ou para aquel outro que está especialmente dotado.
- Preparar actividades complementarias, de ampliación ou afondamento, dirixidas, a aquel alumnado menos necesitado de axuda, ou que resolve as tarefas comúns con maior rapidez.
- Adaptacións de acceso ao currículo. Son axudas, recursos materiais e medios técnicos que compensan as dificultades ou incapacidades dos alumnos/as con discapacidades físicas ou sensoriais para poder acceder ao currículo.
- Medidas de afondamento e enriquecemento. Para o alumnado de altas capacidades, se deberán propor actividades de afondamento e enriquecemento encamiñadas ao desenvolvemento do traballo autónomo, da madurez e autonomía persoais, así como de actitudes positivas cara a investigación como forma de aprendizaxe.
- Afianzar os contidos do ciclo/curso anterior.

- Diversificar os procedementos de avaliación mediante estratexias como: Adecuar tempos, criterios e procedementos de avaliación; variar os tempos, as formas e os procedementos de recollida de información; unificar criterios e procedementos na recollida de información; rexistrar sistematicamente a evolución do alumnado; diversificar os tipos de probas en función da alumna ou alumno ao que se dirixe.
- Avaliar de xeito prioritario os contidos fundamentais.
- Utilizar diferentes instrumentos e procedementos para avaliar a progresión das capacidades básicas do alumnado.
- Programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas para o alumnado de 1º e 2º de ESO.
- Programas de recuperación.

5.1.2.5.- Aula de coatenção e convivencia, programa de habilidades sociais e outros programas.

Estás medidas que se poidan desenvolver no centro terán normativas específicas que estarán incluídas no Plan de Convivencia .

5.1.2.6.- Programas específicos personalizados

Elaboraranse polos departamentos para aquel alumnado que necesite nha metodoloxía distinta, adaptacións dos tempos, dos instrumentos e procedementos de avaliación; reforzo educativo ou calquera outro tipo de medida educativa como a exención da segunda lingua estranxeira.

5.2.- EXTRAORDINARIAS

Son aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que require modificacións significativas do curriculum e supoñen cambios esenciais no ámbito organizativo.

Previa autorización da dirección do centro, do Servizo de Inspección educativa, da xefatura territorial ou da dirección xeral que corresponda, e, se é o caso, informe do Servizo de Orientación.

5.2.1.- Adaptacións curriculares.-

Seguirase o regulado na Orde de 6 de outubro de 1995, pola que se regulan as adaptacións do currículo nas ensinanzas de réxime xeral. (D.O.G- do 7 de novembro de 1995)

5.2.2.- Programas de Mellora da Aprendizaxe e do Rendemento – PMAR.-

Seguirase o disposto Na Resolución do 15 de xullo de 2016, da Dirección Xeral de Educación e Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para a implantación do currículo, para o curso 16-17, do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da ESO e do Bacharelato.

5.2.3.- Formación Profesional Básica.-

Seguirase o disposto no decreto 107/2014, do 4 de setembro, polo que se regulan aspectos específicos da formación profesional básica das ensinanzas de F.P., e a Orde do 13 de xullo de 2015, pola que se regula o acceso e admisión aos ciclos de formación profesional básica, e instrucións da Dirección Xeral de Educación e Formación Profesional e Innovación Educativa sobre o desenvolvemento dos ciclos de FPB no curso 2015/16.

5.2.4.- Medidas de Flexibilización da Escolaridade.-

Seguirase o disposto na Orde do 27 de decembro de 2002, pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado de ensino non universitario con necesidades educativas especiais, e na Orde do 23 de novembro de 2007 no caso de sobredotación.

5.2.5.- Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica.-

Decidirase logo da valoración das necesidades e número de alumnado a atender, e de acordo co profesorado encargado do mesmo.

5.2.6.- Programas de Intervención Individual – PII.-

Para o alumnado que requira agrupamento flexible, que presente dificultades para a asistencia continuada ó centro, necesite adquirir o dominio das linguas cooficiais ou a adaptación da competencia curricular.

E especialmente nos casos de escolarización combinada con centros de educación especial.

6.- Determinación dos criterios para a organización e distribución dos recursos e aplicación das medidas propostas.-

Para a determinación do alumnado que será obxecto de medidas de atención á diversidade terase en conta o estipulado nas distintas ordes emitidas polas autoridades educativas.

O procedemento para a concreción das medidas e alumnado será o seguinte:

Reunida a Xunta de Avaliación, faranse as propostas:

- Na Avaliación inicial

Decidirase que alumnos recibirán atención, e o tipo de atención, coa seguinte prioridade (ORIENTATIVA):

- 1 – Alumnado repetidor
- 2.- Alumnado de nova incorporación que tivera repetido
- 3.- Alumnado de nova incorporación con informes do centro anterior

Valorarase o interese, o esforzo, o comportamento e a motivación.

En caso de non haber acordo unánime na xunta de avaliación decidirase por maioría simple dos presentes na reunión.

Terase en conta a dispoñibilidade de profesorado.

- Nas reunións de seguimento: Formais e/ ou informais

O profesorado valorará a continuidade nas medidas ou a modificación das mesmas, tendo en conta os resultados, as posibilidades de mellora, ou calquera outro criterio acordado por maioría dos membros da xunta de avaliación presentes nas reunións.

Para as medidas extraordinarias de Programa de Mellora da Aprendizaxe e do Rendemento e Formación Profesional Básica:

Debido a existencia no centro de alumnado que continúan a obter baixos resultados académicos e ante a alta probabilidade de abandono escolar sen

acadar o título de graduado en educación secundaria, estas medidas plantéxanse como:

- Dar unha oportunidade a aqueles alumnos que teñen probabilidade, e interese, en acadar os obxectivos xerais da ESO Para que cun cambio metodolóxico, con axudas específicas apropiadas ás súas necesidades poidan obter o título de graduado en educación secundaria
- Ofrecer unha formación xeral básica e desenvolver as capacidades vinculadas á iniciación profesional que posibilite ao alumnado con dificultades na aprendizaxe acceder ao mundo laboral e continuar estudos posteriores
- Aumentar a motivación deste alumnado polo estudo, tendo como meta a obtención dun título que doutro xeito non lle sería doado acadar.

O **CRITERIO** para a incorporación a unha destas medidas será o seguinte:

- Cumprir os requisitos que marquen as Ordes que regulan os Programas, especialmente os que se refiren á idade.
- Que nos cursos anteriores tivesen dificultades de aprendizaxe que lle impedisen acadar os obxectivos previstos para o curso.
- Ter posibilidade de acadar os obxectivos xerais da educación secundaria obrigatoria con algunha destas medidas.
- Que recibisen algún tipo de medida complementarias de atención de tipo ordinario ou extraordinario, tales como reforzo ou adaptacións curriculares que aínda que non lle possibilitasen o logro dos obxectivos, fosen beneficiosas como para ter expectativas de que poidan lograr os obxectivos da ESO.
- Mostrar unha actitude positiva de esforzo e de interese por acadar os obxectivos da ESO.
- Que exista un compromiso do alumno para acadar os obxectivos do programa.

O alumnado que forme parte dalgún dos programas será proposto pola Xunta de Avaliación de cada grupo, oídos o/a titor/ a, e o/a Xefe/a do Departamento de Orientación.

Antes de incorporar ao alumnado procederase da seguinte forma:

- 1.- Proposta do alumnado polo equipo docente.
- 2.- Informe do Departamento e do/a titor/a.
- 3.- Entrevista co alumnado para informalo do programa e pedir o seu compromiso.
- 4.- Entrevista coa familia, ou titores legais, para informalos e pedir o seu apoio.
- 5.- Informe á inspección.

O perfil do alumnado deberá responder a algunha das seguintes variables:

- Alumnado que manifeste dificultade na aplicación das destrezas básicas.
- Que presente problemas de aprendizaxe ou amosen a súa incapacidade cando non se lle outorga unha axuda específica para acadar os obxectivos xerais da etapa.

Algunha das dificultades que poden presentar poden ser:

- Dificultade de razoar a partir de presupostos axeitados ao desenvolvemento propio da súa idade.
- Dificultade de comprensión nos conceptos básicos
- Dificultade para relacionar conceptos
- Dificultade para expresarse, tanto de forma oral como por escrito
- Necesidade unha atención máis individualizada
- Que a súa historia familiar, social, escolar, emocional ou de relación dificulten a adquisición dunha aprendizaxe efeciva
- Que manifesten interese, disposición ao traballo, atención e esforzo
- Problemas de conduta

7.- Concreción das actuacións dos distintos profesionais en relación coas medias deseñadas para o centro.

A partires da toma de decisións, respecto ao alumnado que require atención educativa e ó tipo de medida a aplicar, o profesorado participante coordinarase para a aplicación das medidas e desenvolver o traballo que se realice.

Este tipo de coordinación será tanto cos departamentos educativos, que fixan os contidos e obxectivos a desenvolver, como co profesorado de materia e o/a titor/a do grupo de referencia.

A toma de decisións na avaliación, e/ ou promoción, do alumnado será tamén acordada entre o profesorado participante na atención educativa. Correspondendo a toma de decisións á persoa encargada do alumnado atendido en cada momento.

8.- Mecanismos de coordinación e colaboración internos, así como con outras etapas educativas e cos centros adscritos.

Os mecanismos serán tanto formais como informais.

1.- Os mecanismos formais son os que se corresponden coas avalicións que se realizan ao longo do curso, xa sexan ordinarias ou extraordinarias, e ás reunións de seguimento que se convoquen polos/ as titores/as ao longo do curso. Estas últimas poden ser solicitadas por calquera membro da xunta de avaliación, que deberá motivar e asistir, tendo a responsabilidade da convocatoria o/a titor /a.

A relación cos centros adscritos será a través das reunións:

- Do departamento educativo que corresponda
- O/a titor/a de grupo
- Do departamento de orientación
- Xefatura de estudos

A canle de relación será o que se determine nas reunións de claustro. Mentres non se determine o contrario, continuarase a ter reunións periódicas entre os xefes de departamento deste centro e dos adscritos, así como co profesorado titor/a do alumnado de nova incorporación ao I.E.S.

9.- Canles de colaboración cos pais, nais ou titores legais do alumnado e cos diferentes servizos externos ao centro.

A colaboración entre as familias e o centro canalizarase:

- 1.- Reunións co/ a titor/a do alumnado
- 2.- Reunións de titoría de pais/ nais co profesorado de materia
- 3.- Reunións co xefe do Departamento de Orientación

Así mesmo poderanse establecer canles de colaboración con servizos externos ao centro, tanto co concello como con outros organismos educativos (oficiais, ou non).

En cada caso poderá formalizarse, ou non, a maneira de colaboración.

10. Protocolos para a solicitude e/ou autorización das medidas extraordinarias.

- 1.- Protocolo para a intervención do Departamento – Anexo 1
- 2.- Protocolo para a intervención do Profesorado especialista en P.T. – Anexo 2
- 3.- Protocolo para a aceptación das medidas Extraordinarias – Anexo 3
- 4.- Consello Orientador. - Anexo 4.

11. Procesos de seguimento, avaliación e mellora do Plan.-

Para determinar os instrumentos, e procedementos de avaliación da atención á diversidade, teranse en conta as aportacións da C.C.P.

E dos resultados das mesmas faranse as propostas de mellora que se consideren necesarias...

Os procesos a seguir serán:

- 1.- Avaliación Inicial: Mes de outubro
- 2.- Avaliacións Ordinarias: Unha cada trimestre
- 3.- Avaliacións Extraordinarias: Cando sexan convocadas polo/a titor/a
- 4.- Reunións de Seguimento: Cando sexan convocadas polo/a titor/a

As revisións das medidas adoptadas na avaliación inicial realizaranse ao longo do curso, en cada unha das reunións convocadas como puntos 2,3 e 4.

Asemade poderanse modificar os procedementos, antes citados, se así se determina polos membros do claustro.



Anexo 1

PROTOCOLO PARA A INTERVENCIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN.

1. CUESTIONARIO DE EXPLORACIÓN INICIAL.

- Para unha avaliación inicial e detección das capacidades do alumnado
- Deberá de incluír algunha realización práctica das tarefas escolares

2. SOLICITUDE DE AVALIACIÓN PSICOPEDAGÓXICA

- Cuestionario de solicitude

3. ENTREVISTA CO/A PROFESOR/A TITOR/A

- Análise dos datos aportados.

4. AVALIACIÓN PSICOPEDAGÓXICA

- Observación do alumnado
- Entrevista cos pais
- Realización de probas
- Análises de tarefas,cuestionarios,etc.

5. PROGRAMA DE ACTUACIÓN E INFORMES



Anexo 2

PROTOCOLO PARA A INTERVENCIÓN DO PROFESORADO DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA

1. ANÁLISE DO CUESTIONARIO DE EXPLORACIÓN INICIAL.
2. AVALIACIÓN INICIAL DAS N.E.E.
 - 1.-Dificultades na relación social e/ou persoal
 - 2.-Dificultades na aprendizaxe: Xerais e/ou específicas
 - Nivel de competencia curricular: Probas obxectivas
 - Estilo de ensino aprendizaxe: Observación directa
 - 3.-Outras dificultades
3. METODOLOXÍA DA INTERVENCIÓN.
 - 1.- Determinación do plan a seguir:Obxectivos,contidos,actividades
 - 2.- Lugar de intervención
 - 3.- Tipo de agrupamentos
 - 4.- Modificación do PC
 - 5.- Criterios de modificación das actuacións
4. CONTROL,SEGUIMIENTO E MODIFICACIÓN DAS ACTUACIÓNS.
 - 1.- Temporalización
 - 2.- Determinar o axuste do planificado
 - 3.- Determinar as modificacións oportunas
 - 4.- Planificación das reunións



Anexo 3

PROTOCOLO PARA A ACEPTACIÓN DAS MEDIDAS DE ATENCIÓN

Don/a

Pai/nai do/a alumno/a.....

deste I.E.S., proposto/a para a medida de ATENCIÓN:

(A.C.I., P.T., EXENCIÓN DE FRANCÉS, P.I.I.,- TÁCHESE O QUE NON PROCEDA), polo equipo docente deste centro, unha vez informados do proceso de avaliación, dos progresos da aprendizaxe e das capacidades do/ a noso/a fillo/a, así como do que supón dita medida que se desenvolverá a partires deste curso neste I.E.S.

DAMOS A NOSA CONFORMIDADE a tal medida, COMPROMETÉNDONOS a colaborar en todas aquelas actuacións que favorezan a consecución dos obxectivos da mesma.

ORTIGUEIRA,

Asdo.:



Anexo 4

CONSELLO ORIENTADOR EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

(Artigo 23 do Decreto 86/2015 do 25 de xuño)

DATOS PERSONAIS DO ALUMNO/A:	
APELIDOS:	NOME:
DATA DE NACEMENTO:	DNI/NIE:
CURSO ACTUAL:	1º ESO <input type="checkbox"/> 2º ESO <input type="checkbox"/> 3º ESO <input type="checkbox"/> 4º ESO <input type="checkbox"/>
TRAXECTORIA ACADÉMICA E PERSOAL:	<p><i>EDUCACIÓN PRIMARIA</i></p> <p>REPETICIÓN: NON <input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/></p> <p>CURSO: 1º <input type="checkbox"/> 2º <input type="checkbox"/> 3º <input type="checkbox"/> 4º <input type="checkbox"/> 5º <input type="checkbox"/> 6º <input type="checkbox"/></p>
	<p><i>EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA</i></p> <p>REPETICIÓN: NON <input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/></p> <p>CURSO: 1º <input type="checkbox"/> 2º <input type="checkbox"/> 3º <input type="checkbox"/> 4º <input type="checkbox"/></p>
	<p>MATERIAS PENDENTES: NON <input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/></p> <p>INDICAR CALES:</p> <p>.....</p>
	<p><i>CURSO ACTUAL:</i></p> <p>Asistencia a clase: Moi boa <input type="checkbox"/> Boa <input type="checkbox"/> Suficiente <input type="checkbox"/> Insuficiente <input type="checkbox"/></p> <p>Medidas de atención á diversidade adoptadas:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Exención de 2ª Lingua Estranxeira (EX 2ªLE) <input type="checkbox"/> ▪ Adaptación Curricular Significativa (ACS) <input type="checkbox"/> ▪ Programa Intervención Individual (PII) <input type="checkbox"/> ▪ Reforzo (RE) <input type="checkbox"/> ▪ Apoio (AP) <input type="checkbox"/> ▪ Agrupamento (AG) <input type="checkbox"/> ▪ Programa de Mellora da Aprendizaxe e o Rendemento (PMAR) <input type="checkbox"/> ▪ Outras <input type="checkbox"/>



INTERESES QUE MANIFESTA:	Non seguir estudando <input type="checkbox"/>
	Seguir estudando <input type="checkbox"/>
	▪ Na etapa <input type="checkbox"/>
	▪ No Bacharelato <input type="checkbox"/>
	▪ Na Formación Profesional <input type="checkbox"/>
	▪ Outros
	<input type="checkbox"/>

O equipo docente, en sesión de avaliación coa data, tendo en conta a traxectoria académica e persoal do alumno/a, EMITE O SEGUINTE **INFORME** :

GRAO DE CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS:	<input type="checkbox"/> Non desenvolveu os obxectivos das diferentes materias do curso	<input type="checkbox"/> Desenvolveu suficientemente todos os obxectivos das diferentes materias do curso	<input type="checkbox"/> Desenvolveu de xeito destacado os obxectivos das diferentes materias do curso
--	---	---	--

GRAO DE ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS <i>(sinalar "X")</i>	Insuficiente	Suficiente	Ben	Notable	Sobresaínte
Comunicación Lingüística					
Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía					
Competencia dixital					
Aprender a aprender					
Competencias sociais e cívicas					
Sentido de iniciativa e espírito emprendedor					
Conciencia e expresións culturais					



OPCIÓN RECOMENDADA:	
Promoción o curso seguinte:	Sen materias Pendentes <input type="checkbox"/> Con materias pendentes <input type="checkbox"/>
Repetir curso:	1º <input type="checkbox"/> 2º <input type="checkbox"/> 3º <input type="checkbox"/> 4º <input type="checkbox"/>
Opción de Matemáticas en 3º ESO:	Mat. APLICADAS <input type="checkbox"/> Mat. ACADÉMICAS <input type="checkbox"/>
Opción Ensinanzas Académicas ou Aplicadas en 4º ESO:	Ens. APLICADAS <input type="checkbox"/> Ens. ACADÉMICAS <input type="checkbox"/>
Medidas de atención á diversidade:	EX 2ªLE <input type="checkbox"/> ACS <input type="checkbox"/> AP <input type="checkbox"/> AG <input type="checkbox"/> RE <input type="checkbox"/> PII <input type="checkbox"/>
Incorporarse a un Programa de Mellora da Aprendizaxe e do Rendemento:	2º <input type="checkbox"/> 3º <input type="checkbox"/>
Incorporarse á Formación Profesional Básica:	<input type="checkbox"/>
Incorporarse ao Bacharelato:	<input type="checkbox"/>
Incorporarse a un Ciclo Formativo:	<input type="checkbox"/>
Outra opción:	

DIFICULTADES DE APRENDIZAXE PRESENTADAS (marcar cun X a opción correspondente)	
<input type="checkbox"/>	Falta de hábitos de estudo e planificación do traballo
<input type="checkbox"/>	Falta de interese e motivación
<input type="checkbox"/>	Problemas de atención e concentración
<input type="checkbox"/>	Dificultades de comprensión de lectura
<input type="checkbox"/>	Dificultades relacionadas coa expresión oral
<input type="checkbox"/>	Dificultades relacionadas coa expresión escrita
<input type="checkbox"/>	Dificultades relacionadas co razoamento e a adquisición ou a aprendizaxe de novos conceptos
<input type="checkbox"/>	Dificultades relacionadas co cálculo e a resolución de problemas
<input type="checkbox"/>	Atraso escolar xeneralizado
<input type="checkbox"/>	Problemas de relación e/ou integración
<input type="checkbox"/>	Dificultades con contidos específicos(indicar en que materias):
<input type="checkbox"/>	Outras(indique cales):



OBSERVACIÓN

SINATURAS

O DIRECTOR TITULAR DO CENTRO Visto e prace	(En representación do equipo docente) O/ A TITOR/A DO/A ALUMNO/A	O XEFE DO DPTO. DE ORIENTACIÓN
Asdo.:	Asdo.:	Asdo.:
Ortigueira,	de	do
		20__ __